


VERÁN 2018

Reseñas | Recomendacións | BiblioEsEs

Tinta de luz

Cáccamo, Berta e Cáccamo, Pepe;
Chan de Pólvora,
Compostela, 2017



1º CICLO

POESÍA

TINTA DE LUZ: Cáccamo, Berta e Cáccamo, Pepe; Chan de Pólvora, Compostela, 2017.

Un exercicio de confluencia artística entre a palabra e a imaxe que non esquece o factor lúdico, imaxinativo e escintilante que axuda a ver as cousas doutra maneira, ou talvez, como verdadeiramente son.

NARRATIVA

A SEÑORITA BUBBLE: Costas, Leticia; Xerais, Sopa de libros, 2017

A xente da vila sentiu un odio repentino pola señorita Bubble desde o mesmo día da súa chegada. Repudiárona polo seu atavío, polos seus inventos, polo seu singular xeito de vivir. Ninguén sospeitaba o que en realidade sucedía no interior da mansión da señorita Bubble.


A señorita Buble

Costas, Leticia; Xerais, Sopa de
libros, 2017




Invisible

Moreno, Eloy; Nube de tinta, 2018



Licor café



Leñadoras

Brooke A. Allen, Grace Ellis, Noelle Stevenson, Shannon Watters; Random House Mondadori



INVISIBLE: Moreno, Eloy; Nube de tinta, 2018

Emotiva, conmovedora, diferente... Invisible narra, a través dos ollos dun rapaz, unha historia que podería ser a de calquera de nós. Quen non desexou algunha vez ser invisíbel? Quen non desexou algunha vez deixar de selo?

BANDA DESEÑADA

LICOR CAFÉ: O licor café, bebida fortemente vinculada a Galicia, é o leiv motiv para o desenvolvemento de trece historias curtas de estilo moi diverso, que como pequenos grolos, ofrecen unha rápida degustación do que están a facer na actualidade novos creadores.

LEÑADORAS: Brooke A. Allen, Grace Ellis, Noelle Stevenson, Shannon Watters; Random House Mondadori

Historia protagonizada por rapazas fortes, con carácter, que transmiten valores para construír un mundo mellor. Cinco amigas pasan o verán de campamento desafiando seres sobrenaturais, xa que non están dispostas a que nada lles arruíne a festa.

FILMES

UNHA BOLSA DE CANICAS: Segunda Guerra Mundial. Maurice e Joseph son dous irmáns xudeus que viven na Francia ocupada. Para se salvaren, deberán abandonar a súa familia. Utilizando grandes doses de astucia para sortear os inimigos, os dous irmáns tentarán reunir de novo toda a familia, na Francia libre.



Primero de poeta

Patricia de Benito, Aguilar ,
2017



Street Poems



Antihéroos

Parente, Iria e Pascual, Selene,
Nocturna, 2017



2º CICLO

POESÍA

PRIMERO DE POETA, Patricia de Benito, Aguilar , 2017

“Son todos os papeis que enchín e queimei, todos os pasos que non dei, as vidas que perdín. Todas as declaracións de amor que calei, os soños que rompín, os medos dos que aprendín. É a miña impaciencia, as miñas ganas de sentir e o pánico...”

STREET POEMS, Fran Alonso, Xerais , Sopa de libros, 2018

Este é un libro de poemas inconformistas, críticos, gamberros e combativos; disparos de graffiti que poderían ser escritos nos muros e rapeados con pintura nas paredes, seguindo a estela da arte na rúa, un libro que procura espazos de confluencia entre as artes plásticas e a poesía.

NARRATIVA

ANTIHEROES: Parente, Iria e Pascual, Selene, Nocturna, 2017

Chámome Yeray Ayala e teño un segredo. Este libro contén a miña historia e a doutros inadaptados, e a clave que nos une a todos nós: temos poderes. Antihéroos é unha novela ambientada no Madrid actual con elementos máxicos.

CEIBA DE LUZ: Lourenzo, Manuel, Xerais, Fóra de xogo, 2017

Novela de aventuras cargada de intriga onde as psicoloxías e as relacións dos personaxes, plasmadas nuns diálogos vivos, evolucionan no ambiente da selva amazónica, tan vizoso como abafante.



O segredo da casa de Formoso

Cajaraville, Héctor;
Obradoiro, 2017



O SEGREDO DA CASA DE FORMOSO: Cajaraville, Héctor;
Obradoiro, 2017

David acaba de facer dezoito anos e é o único fillo dunha parella de emigrantes galegos en Nova Jersey. No verán viaxa a Galicia, co fin de asinar os documentos para a venda da casa que os Formoso, a súa familia materna, herdaron na localidade costeira de Faramontáns. A súa intención inicial é regresar de inmediato, pero axiña van aparecendo razóns que o levan a prolongar a visita...

DÍAS AZUIS, SOL DA INFANCIA: Calveiro, Marcos; Edelvives, 2017

A partir destes versos de Machado, Nico vai tratar de reconstruír os segredos da vida do seu avó, unha historia chea de perigos e aventuras que se remonta a 1936, cando as rúas de Madrid bulían pola efervescencia do estalido da Guerra Civil.

BANDA DESEÑADA

ALDERABÁN I, Leo, Planeta Agostini, 2008


Alderabán é un planeta colonizado polos humanos que rompeu o contacto coa Terra. O protagonista, Marc Sorensen, vive nun pequeno poboado pesqueiro que se vai ver afectado por sucesos estraños.

O PICOTO DO PAI, Dasilva, Kiko; Deputación de Pontevedra, 2017


Primeira obra gráfica colectiva, asinada polos alumnos da escola de banda deseñada "O Garaxe Hermético". A historia aborda o mito do abandono dos anciáns na cultura tradicional.

Días azuis, sol da infancia

Calveiro, Marcos; Edelvives, 2017



Aldebarán I




Seique

SEIQUE: Aríns, Susana ;
Através Editora, 2015



Ítaca

Cavafis, C.P.; Nórdica, 2015



FILMES

YO, TONIA: Tonia Harding foi a primeira patinadora estadounidense en completar un triple salto axel en competición. Pero o éxito sobre o xeo non sempre estivo acompañado de felicidade na súa vida persoal.



BACHARELATO E ADULTOS

POESÍA

SEIQUE: Aríns, Susana ; Através Editora, 2015


Seique non é un poemario, nin unha novela, nin un ensaio, nin unha pesquisa histórica. Porén, recolle algo de cada un destes xéneros. Nace dunha historia de vida insignificante, anónima, para abordar unha reflexión sobre a (des)memoria e as maneiras de construír a Historia.

ÍTACA: Cavafis, C.P.; Nórdica, 2015

Publicado en 1911 e aparentemente inspirado na viaxe de regreso a casa de Ulises, «Ítaca» é unha invitación á viaxe, unha metáfora da vida. Este poema, un dos máis fermosos da humanidade, reflicte a sabedoría do poeta que, sen necesidade de abandonar a súa cidade natal, é quen de realizar todas as viaxes. As ilustracións de Federico Delicado captan á perfección a esencia desta travesía vital.

Todo canto fomos

TODO CANTO FOMOS:
Monteagudo, Xosé; Galaxia, 2016




Ítaca

A NENA DO ABRIGO DE
ASTRACÁN: Docampo, Xabier, Xerais, 2017



El ferrocarril subterráneo

EL FERROCARRIL
SUBTERRÁNEO:
Whitehead, Colson;



NARRATIVA

TODO CANTO FOMOS: Monteagudo, Xosé; Galaxia, 2016

Unha mestra, un historiador, un escritor de novelas... Estes son algúns dos personaxes que compoñen unha trama na que a normalidade é só a aparencia baixo a que se ocultan misterios inquietantes. Todo canto fomos é unha novela que percorre máis de un século de historia galega para devolvernos o relato dun pasado que segue alentando no presente.

A NENA DO ABRIGO DE ASTRACÁN: Docampo, Xabier, Xerais, 2017

A vila de Ribadaínsua é narradora e protagonista dos acontecementos dramáticos dos últimos meses de 1947, que algúns quixeron agochar, para amosar aos seus habitantes como aniñara o mal entre eles e como os abranguera dunha forma asfixiante. A nena do abrigo de astracán reflicte un mundo que, aparentemente afastado, dá explicación de como todo se constrúe e controla desde a toma do poder e o dominio do territorio onde se exerce.


EL FERROCARRIL SUBTERRÁNEO: Whitehead, Colson;
Random House, 2017

Galardonada co Premio Pulitzer 2017 e co National Book Award, O ferrocarril subterráneo foi o grande acontecemento literario do ano en EEUU. O seu título alude á metafórica á complexa rede de camiños e refuxios secretos que tiñan como fin posibilitar a fuxida dos escravos das plantacións do sur cara aos Estados onde podían vivir en liberdade.

BANDA DESEÑADA

SOSTIENE, PEREIRA: Gomont, Pierre-Henry; Astiberri, 2017

Pierre-Henry Gomont adapta ao cómic a novela do escritor italiano Antonio Tabucchi, publicada en 1994, en parte como metáfora do auxe de Berlusconi en Italia. Gomont consegue marcar graficamente o contraste entre la atmosfera cálida de Lisboa, os seus fermosos azulexos, e a ditadura que se está instalando de xeito implacable.



FILMES

A LIBRARÍA

Nunha pequena vila da Inglaterra de 1959, unha muller decide abrir a primeira librería que teña habido nunca nesa zona, malia á implacable oposición veciñal.



TRES ANUNCIOS EN LAS AFUERAS

Mildred Hayes (Frances McDormand), unha muller de 50 anos cuxa filla foi violada e asasinada, decide iniciar pola súa conta unha guerra contra a Policía da súa vila, ao considerar que non fan o suficiente para resolver o caso e que se faga xustiza.

